



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Secretaría

Resolución 1475/2023, do 28 de xuño, de designación de membros da Xunta de Goberno Local e Tenencias de Alcaldía

Con este anuncio faise público que mediante Resolución número 1475/2023, do 28 de xuño, a Alcaldía deste concello designou os membros da Xunta de Goberno Local e as Tenencias de Alcaldía.

O texto íntegro deste decreto é o seguinte:

“RESOLUCIÓN DE DESIGNACIÓN DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E TENENCIAS DE ALCALDÍA

O día 28/05/2023, tiveron lugar as eleccións municipais, convocadas mediante Real Decreto 207/2023, do 3 de abril, (BOE núm. 80 do 04/04/2023).

En data 17/06/2023, constituíuse o Concello, polo que é preciso establecer a nova organización municipal.

Polo tanto, de conformidade co disposto nos artigos 20.1 a) e b), 21.2 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; no artigo 22 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; nos artigos 62 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; nos artigos 16 e 17 do Regulamento orgánico municipal (ROM, publicado no BOP nº 179, do 06/08/2001) e polos artigos 41.3, 46.1 e 52 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF),

DISPÕÑO:

1º) A Xunta de Goberno Local do Concello das Pontes de García Rodríguez, presidida por esta Alcaldía, estará integrada polos seguintes concelleiros e concelleiras, en número que non excede do terzo do número legal dos membros da Corporación:

- Antonio Alonso Román.
- Ana María Pena Purriños.
- Elena López Seco.
- María Tania Pardo Cabarcos.

2º) A Xunta de Goberno Local celebrará a sesión constitutiva dentro dos dez días seguintes á data deste decreto, tal e como dispón o artigo 112.1 do ROF.

3º) Nomear tenentes de alcalde aos seguintes concelleiros e concelleiras, membros da Xunta de Goberno Local, que se indican a continuación:

- 1º tenente de alcalde: Antonio Alonso Román.
- 2º tenente de alcalde: Ana María Pena Purriños.
- 3º tenente de alcalde: Elena López Seco.
- 4º tenente de alcalde: María Tania Pardo Cabarcos.

As tenentes de alcalde e os tenentes de alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e pola orde de nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións de alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde ou alcaldesa.

4º) Desta resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte a súa data.

As Pontes de García Rodríguez, 28 de xuño de 2023”

As Pontes de García Rodríguez, 10 de xullo de 2023

O alcalde

Valentín González Formoso

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Secretaría

Resolución 1528/2023, do 05 de xullo, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local

Con este anuncio faise público que mediante Resolución número 1528/2023, do 05 de xullo, a Alcaldía deste concello delegou determinadas competencias na Xunta de Goberno Local.

O texto íntegro deste decreto é o seguinte:

“RESOLUCIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ANTECEDENTES DE FEITO:

O día 28/05/2023, tiveron lugar as eleccións municipais, convocadas mediante Real Decreto 207/2023, do 3 de abril, (BOE núm. 80 do 04/04/2023).

En data 17/06/2023, constituíuse a corporación, polo que é preciso establecer a nova organización municipal.

Mediante decreto número 1475/2023, do 28 de xuño, designáronse os membros da Xunta de Goberno Local e as Tenencias de Alcaldía.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

De conformidade co disposto nos artigos 21.3 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; no artigo 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal, publicado no BOP nº 179, do 06/08/2001; e no artigo 43.1 e 2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF),

DISPOÑO:

1º) A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

- a) A asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións.
- b) As atribucións que lle confiran as leis.
- c) As atribucións que esta Alcaldía delega e que, a continuación, se expresan:
 1. Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.
 2. Acordar as sancións ao persoal, incluída a suspensión preventiva, agás a separación do servizo dos funcionarios e o despedimento do persoal laboral. Esta atribución entenderase sen prexuízo do disposto na normativa vixente en materia de sanción disciplinaria dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
 3. As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
 4. En materia de contratación delégase, cando a Alcaldía sexa competente para a súa contratación de acordo co previsto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as seguintes atribucións:
 - A aprobación das actuacións preparatorias dos contratos de obra (proxectos técnicos ou memorias valoradas) cando sexa competente para a aprobación do expediente de contratación.
 - A aprobación das actuacións preparatorias dos contratos de concesión de obras reguladas nos artigos 247 e seguintes da LCSP ou normativa que a substitúa e a autorización do gasto que, no seu caso, conleve.
 - A aprobación das actuacións preparatorias dos contratos de concesión de servizos descritas nos artigos 285 e seguintes da LCSP ou normativa que a substitúa e a autorización do gasto que, no seu caso, conleve.
 - Aprobar os expedientes de licitación utilizando acordos marco ou sistemas dinámicos de adquisición.

- A aprobación dos expedientes de contratación dos contratos administrativos e dos contratos privados, suxeitos a LCSP, cando excedan da contía prevista legalmente para ser tramitados a través do procedemento aberto súper simplificado previsto no artigo 159.6 do citado texto, e a autorización do gasto inherente a este trámite.
- A adxudicación dos contratos cando sexa competente para a súa aprobación, de acordo co previsto neste decreto, e a disposición do crédito inherente a este trámite.

5. En materia de patrimonio deléganse, cando a Alcaldía sexa competente de acordo co previsto na Disposición Adicional Segunda, apartado 9, da LCSP, as seguintes competencias:

- A aprobación e a adxudicación dos expedientes de concesión sobre os bens de dominio público de titularidade municipal e do gasto que, no seu caso, conleven, cando a súa duración sexa igual ou superior a catro anos. Exceptúanse desta delegación as concesións de dereitos funerarios de calquera cemiterio municipal.
- A aprobación e a adxudicación dos expedientes de constitución de calquera tipo de dereito real sobre o patrimonio municipal cando a súa duración sexa igual ou superior a catro anos.
- A aprobación e a adxudicación dos expedientes de adquisición de bens inmoables, por compra, doazón ou permuta, cando o seu valor sexa igual ou superior ao 5% dos recursos ordinarios do orzamento.
- A adquisición de bens mobles cedidos ao concello gratuitamente cando o seu valor sexa igual ou superior ao 5% dos recursos ordinarios do orzamento.
- A aprobación e a adxudicación dos expedientes de alleamento do patrimonio municipal cando o seu valor sexa igual ou superior ao 5% dos recursos ordinarios do orzamento.

2º) As facultades que poderá exercer a Xunta de Goberno Local en relación coas atribucións delegadas no apartado anterior, serán as propias que lle correspondan ao órgano delegante, sen que se produza limitación ou condición ningunha para o seu exercicio, agás das que expresamente se reserve esta Alcaldía en Decretos posteriores.

3º) Respecto das competencias descritas no apartado 1º) c) deste decreto, delégase a resolución dos recursos de reposición e extraordinarios de revisión que, de ser o caso, podan interpoñerse ao abeiro do previsto nos artigos 123.1 e 125 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

4º) Os expedientes de contratación iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste decreto serán resoltos polo órgano de contratación que corresponda de acordo co novo réxime de delegacións. Para estes efectos enténdese que os expedientes están iniciados cando tivera lugar a aprobación do expediente de contratación.

5º) O réxime xurídico aplicable a esta delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do ROF.

6º) A Alcaldía poderá avocar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, de réxime xurídico do sector público e 116 do ROF.

7º) Estas delegacións estarán en vigor durante o mandato correspondente ao período 2023/2027, sen prexuízo da súa modificación, ampliación, ou revogación polos trámites legalmente establecidos. Estas delegacións non quedarán revogadas polo mero feito de producirse un cambio de titularidade na Alcaldía ou na composición concreta da Xunta de Goberno Local.

8º) Queda derogado o Decreto da Alcaldía número 994/2019, do 24 de xuño, de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local (BOP núm. 121, do 28/06/2019).

9º) Desta resolución darase coñecemento ao Pleno do concello na primeira sesión que teña lugar e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á súa data.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica”

As Pontes de García Rodríguez, 10 de xullo de 2023

O alcalde

Valentín González Formoso



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA (RODRÍGUEZ A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Ref.: MVA

Expte. núm. 2023/X998/000091

Marina Núñez Orjales, secretaria do Concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña),

CERTIFICO:

Que na sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello que tivo lugar o día 07/07/2023, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

7º.- APROBAR A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O presidente deu conta da proposta que se presenta respecto da periodicidade das sesións ordinarias de Xunta de Goberno Local.

A continuación ábrese a quenda de intervencións (...)

Ao non producirse máis intervencións o Pleno, á vista dos antecedentes do expediente e do disposto no artigo 211 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e nos artigos 112.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro e 49 do Regulamento Orgánico Municipal, con 6 votos a favor dos representantes do grupo político do PSdG-PSOE e 5 abstencións (3 dos representantes do grupo político do BNG e 2 do grupo político do PP):

- 1º) As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local terán lugar os segundos e cuartos mércores de cada mes, ás nove horas e trinta minutos (09:30 h). Se o día que correspondese sesión fose festivo esta trasladarase ao seguinte día hábil que non sexa sábado.
- 2º) A alteración desta periodicidade a realizará a Alcaldía mediante resolución da que se dará conta ao Pleno do concello.

Expido este certificado para que conste no citado expediente, coa salvidade prevista no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais), co visto e prace do concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

O concelleiro-delegado (V.e Pr.)

Antonio Alonso Román